



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección de Promoción Económica e Emprego

Referencia: DP0043 / 2025
Expediente : 2024000034337

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2025 (DP0043), E A APROBACIÓN DA DITA MODIFICACIÓN E DUN NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN OU MODIFICACIÓN DE SOLICITUDES.

DON VALENTÍN GONZALEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

ANTECEDENTES

Mediante resolución da Presidencia número 40724 de data 10 de outubro de 2024 aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (DP0043), sendo obxecto de publicación no BOP número 198 do 14 de outubro de 2024.

A convocatoria do programa fíxose por resolución da Presidencia número 41436 de data 14 de outubro de 2024, establecéndose que "o prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2024".

Advertido erro na configuración dos puntos asignados no coeficiente de financiamento previsto nas citadas Bases específicas (Base 8.2.-Valoración das solicitudes. Criterios de valoración), e feita proposta de modificación na configuración dos puntos do coeficiente de financiamento, sen que supoña unha alteración esencial da natureza ou obxectivos da subvención, e a aprobación dun novo prazo de presentación ou modificación das solicitudes permitindo que os concellos que xa

formularon a súa solicitude no prazo transcorrido ata a aprobación da modificación desta convocatoria, poidan manter ou modificar a súa solicitude, e que aqueles que non a formularon poidan formulala tendo en conta as novas condicións, e tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia da modificación ao estar xa publicadas no BOP as Bases do programa e feita a convocatoria, e vistos os informes da Sección de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización, e en base aos antecedentes sinalados e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente .

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, como excepción, e considerando a urxencia na aprobación da modificación das Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (DP0043).

Segundo. Modificar as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (DP0043) , no sentido seguinte:

Onde dí:

8.2.- Valoración das solicitudes

Criterios de valoración

Coeficiente de financiamento derivado da solicitude	55 puntos
EXCEPCIÓN PARA AS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO:	
As festas que contén coa declaración de Interese Turístico Galego, Estatal ou Internacional, contarán coa máxima puntuación neste apartado (55 puntos) sexa cal sexa o seu nivel de co-financiamento da actividade, que en calquera caso deberá ser do 20% como mínimo	
EXCEPCIÓN PARA A MELLORA DA ACTIVIDADE COMERCIAL DAS VILAS CON CENTROS HISTÓRICOS:	
	20% 5 puntos
	do 21% ao 30% 10 puntos
	do 31% ao 35% 20 puntos
	do 36% ao 40% 30 puntos
	do 41% ao 45% 40 puntos
	do 46% ao 50% 50 puntos
	máis do 51% 55 puntos

Os centros históricos dos concellos de menos de 20.000 habitantes da Provincia da Coruña que estean declarados Conxunto Histórico-Artístico contarán coa máxima puntuación (55 puntos) sexa cal sexa o seu nivel de co-financiamento da actividade, que en calquera caso deberá ser do 20% como mínimo.	
Empresas dadas de alta no concello dentro do epígrafe 654.1 e 673.2 do IAE	40 puntos até 100 empresas 5 puntos de 101 a 150 empresas 10 puntos de 151 a 200 empresas 15 puntos de 201 a 250 empresas 20 puntos de 251 a 300 empresas 25 puntos de 301 a 350 empresas 30 puntos de 351 a 400 empresas 35 puntos máis de 401 empresas 40 puntos
Valoración técnica da memoria presentada e o interese provincial da mesma	5 puntos

Debe dicir:

8.2.- Valoración das solicitudes

Criterios de valoración

Coeficiente de financiamento da Deputación derivado da solicitude	55 puntos
EXCEPCIÓN PARA AS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO:	20% 55 puntos do 21% ao 30% 50 puntos

As festas que contén coa declaración de Interese Turístico Galego, Estatal ou Internacional, contarán coa máxima puntuación neste apartado (55 puntos) sexa cal sexa o seu nivel de co-financiamento da entidade , que en calquera caso deberá ser do 20% como mínimo EXCEPCIÓN PARA A MELLORA DA ACTIVIDADE COMERCIAL DAS VILAS CON CENTROS HISTÓRICOS: Os centros históricos dos concellos de menos de 20.000 habitantes da Provincia da Coruña que estean declarados Conxunto Histórico-Artístico contarán coa máxima puntuación (55 puntos) sexa cal sexa o seu nivel de co-financiamento da entidade, que en calquera caso deberá ser do 20% como mínimo.	do 31% ao 35% 40 puntos do 36% ao 40% 30 puntos do 41% ao 45% 20 puntos do 46% ao 50% 10 puntos máis do 51% 5 puntos
Empresas dadas de alta no concello dentro do epígrafe 654.1 e 673.2 do IAE	40 puntos até 100 empresas 5 puntos de 101 a 150 empresas 10 puntos de 151 a 200 empresas 15 puntos de 201 a 250 empresas 20 puntos de 251 a 300 empresas 25 puntos de 301 a 350 empresas 30 puntos de 351 a 400 empresas 35 puntos máis de 401 empresas 40 puntos
Valoración técnica da memoria presentada e o interese provincial da mesma	5 puntos

Onde dí:

Importe da convocatoria	500.000,00€ Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
--------------------------------	--

Debe dicir:

Importe da convocatoria	700.000,00€ Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
--------------------------------	--

Polo tanto, o texto definitivo das Bases será o seguinte:

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA NO ANO 2025 (DP0043/2025)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción Económica
Anualidade	2025
Denominación	Programa de subvencións a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica no ano 2025
Beneficiarios	Concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña
Programa	DP0043/2025
Aplicación orzamentaria	0510/4142/46201
Importe da convocatoria	700.000,00€ Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de	Mínimo: 15.000,00€

gastos	Máximo: 50.000,00€
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 5.000,00€ Máximo: 30.000,00€
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionábeis
Coeficiente de financiamento	Variable entre 0,20 e 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 (BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Réxime xurídico

Esta convocatoria non contén normativa específica. O marco normativo polo que se rexerá este programa de subvencións é o establecido nestas Bases específicas, nas Bases xerais e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e demais normativa que sexa de aplicación.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións e

contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte dos concellos.

Actividades a subvencionar:

- Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia.
- Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, festas e feiras de exaltación de produtos típicos da zona.
- Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local e da hostalería (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, campañas de fidelización de clientes, campañas de exaltación de produto, etc).

2.2.- Finalidade

No ano 2025 no contexto dunha realidade social, económica e cultural derivada da situación de desaceleración da economía mundial, como consecuencia de múltiples crises ás que se enfronta (transición enerxética dirixida a eliminación dos combustibles fósiles, as forzas do cambio climático, os conflitos en solo europeo, as ameazas derivadas das novas variantes do COVID 19, etc.), a área de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio ao sector Económico e turístico en todas as súas dimensións, colaborando cos concellos de menos de 50.000 habitantes nos labores de fomento e dinamización

Un dos obxectivos concretos polo que se implementa esta liña de subvencións é a revitalización e dinamización do tecido comercial e hostaleiro dos concellos de menos de 20.000 habitantes con cascos históricos declarados Conxunto Histórico-Artístico, sexa cal sexa o nivel de co-financiamento do proxecto ao que lle poidan facer fronte as súas corporacións locais, sendo obrigatorio, iso si, co-financiar un mínimo do 20% do proxecto presentado.

2.3.- Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre **o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.**

Base 3. Solicitantes

Son destinatarios deste programa os concellos da provincia da Coruña con menos de 50.000 habitantes. Para estes efectos terase en conta a poboación oficial do concello solicitante segundo os datos do último padrón municipal publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Base 4. Gastos subvencionables

Gastos subvencionabéis no programa DP 0043/2025:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL
600	Compra de bens destinados á actividade (material non inventariable)
621	Arrendamentos (de bens destinados á actividade)
607	Traballos realizados por outras empresas (que sexan indispensables para a realización da actividade)
625	Primas seguros
627	Publicidade e propaganda

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatíbeis con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, mais o gasto subvencionado pola Deputación da Coruña debe estar claramente diferenciado na comunicación, imaxe do evento e materiais empregados e as súas facturas claramente desagregadas de calquera outra tipoloxía de gasto do evento en cuestión.

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións para concellos da Deputación da Coruña

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse na vixente Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e nas Bases xerais indicadas na Base 1.

Base 7. Compromisos e obrigas

Os concellos deberán cumprir, ademais dos indicados na vixente Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e nas Bases xerais, os seguintes compromisos e obrigas:

7.1. Difusión do apoio da Deputación.

7.1.1. - Os concellos solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación, e de calquera outra fórmula de difusión tipo slogan ou imaxe de campaña, nos soportes de difusión das actividades subvencionadas, facendo constar ao seu carón o texto: “Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña”.

7.1.2.- Os concellos ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

7.1.3.- Os concellos solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Promoción Económica da Deputación: @DActurismo no TWITTER, @dacturismo en INSTAGRAM e [https:// www.facebook.com/dacturismo/](https://www.facebook.com/dacturismo/) no FACEBOOK

7.1.4.- Os concellos solicitantes deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man ou calquera outro soporte de difusión, deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Coa memoria e conta xustificativa, o concello presentará a acreditación do cumprimento destas obrigas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1.- Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrència competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, e segundo o procedemento concesión provisional/definitiva previsto nas Bases xerais.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, crearase unha comisión técnica de acordo ao sinalado nas Bases xerais, con persoas de recoñecida traxectoria no ámbito de promoción da economía obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa

cos proxectos que se poidan presentar. Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

Quedarán excluídas aquelas solicitudes que non acaden un mínimo de **60 puntos**.

A entidade deberá completar todos os apartados da Memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

8.2.- Valoración das solicitudes

Criterios de valoración

Coeficiente de financiamento da Deputación derivado da solicitude EXCEPCIÓN PARA AS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO: As festas que contén coa declaración de Interese Turístico Galego, Estatal ou Internacional, contarán coa máxima puntuación neste apartado (55 puntos) sexa cal sexa o seu nivel de co-financiamento da entidade, que en calquera caso deberá ser do 20% como mínimo EXCEPCIÓN PARA A MELLORA DA ACTIVIDADE COMERCIAL DAS VILAS CON CENTROS HISTÓRICOS: Os centros históricos dos concellos de menos de 20.000 habitantes da Provincia da Coruña que estean declarados Conxunto Histórico-Artístico contarán coa máxima puntuación (55 puntos) sexa cal sexa o seu nivel de co-financiamento da entidade, que en calquera caso deberá ser do 20% como mínimo.	55 puntos 20% 55 puntos do 21% ao 30% 50 puntos do 31% ao 35% 40 puntos do 36% ao 40% 30 puntos do 41% ao 45% 20 puntos do 46% ao 50% 10 puntos máis do 51% 5 puntos
Empresas dadas de alta no concello dentro do epígrafe 654.1 e 673.2 do IAE	40 puntos até 100 empresas 5 puntos de 101 a 150 empresas 10

	puntos de 151 a 200 empresas 15 puntos de 201 a 250 empresas 20 puntos de 251 a 300 empresas 25 puntos de 301 a 350 empresas 30 puntos de 351 a 400 empresas 35 puntos máis de 401 empresas 40 puntos
Valoración técnica da memoria presentada e o interese provincial da mesma	5 puntos

Base 9. Xustificación e pago

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2026 ás 14: 00 horas**.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto nas Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e na vixente Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar

beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.

- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.

- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade que represento implique o contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

- Declaro coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no

Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Documentación

- Documento acreditativo da delegación da alcaldía/ presidencia, no seu caso, no que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude, e o importe solicitado.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Memoria explicativa das actividades a subvencionar
- Importe da subvención e orzamento, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- Importe de co-financiamento da actividade por parte do concellos
- Documentación acreditativa das empresas dadas de alta no concello nos epígrafes correspondentes ao obxecto da subvención (654.1 e 673.2 do IAE)
- Documentación que acredite a declaración de conxunto histórico-artístico.
- Documentación que acredite a declaración de Interese Turístico Galego, Estatal ou Internacional do evento a celebrar.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións

As seguintes declaracións aparecerán no momento de achegar a xustificación para cubrir en modo formulario:

- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade do concello, segundo o disposto na Lei Xeral de Subvencións.
- Declaración, se procede, de que a entidade que represento **RENUNCIA** á parte da achega provincial non xustificada (só no caso en que os xustificantes non alcancen o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega concedida, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos pagos executados) e que, no seu caso, **ACEPTA** o reintegro da cantidade anticipada ao non alcanzar a cantidade mínima requirida para a xustificación.
- No caso de que a entidade que represento presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria, a entidade **ACEPTA** a sanción que corresponde segundo se recolle na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención (esta declaración suporá unha redución do importe da sanción dun 90%).

Documentación

- Certificación expedida polo órgano responsable de contabilidade, dos gastos realizados durante período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gasto.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, manifestación de non ter outros ingresos para a mesma finalidade. Este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.
- Declaración do cumprimento das obrigas contempladas na base 7, achegando proba documental ao respecto (acreditación gráfica: link, fotografía ou imaxe).
- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que conterá, como mínimo os seguintes aspectos: actividades desenvoltas, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil dos participantes e resultados obtidos.

Terceiro - Dispoñer a publicación da modificación das Bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto - Aprobar un novo prazo de presentación ou modificación de solicitudes permitindo que os concellos que xa formularon a súa solicitude no prazo transcorrido ata a aprobación da modificación desta convocatoria, poidan manter ou modificar a súa solicitude, e que aqueles que non a formularon poidan formulala tendo en conta as novas condicións.

O novo prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente resolución, que se une como anexo, e rematará ás 14:00 horas do día 16 de xaneiro de 2025, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto - Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña.

Segundo. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte dos concellos (actividades a subvencionar descritas na Base 2.1 das específicas).

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación prevista ascende a un total de 700.000,00€, con cargo á partida 0510/4142/46201 do orzamento ordinario para 2025. As axudas a conceder oscilarán: Entre un mínimo de 5.000,00€ e un máximo de 30.000,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás 14:00 horas do día 16 de xaneiro de 2025.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de menos de 50.000 habitantes de la provincia de A Coruña.

Segundo. Objeto

El objeto de esta convocatoria es subvencionar acciones tendentes a impulsar el desarrollo económico, el fomento del empleo, el apoyo al comercio y la hostelería, apoyando líneas de comercialización y promoción de nuestros productos de calidad que permitan la penetración en el mercado, mediante ayudas a la logística y la distribución, por parte de los ayuntamientos (actividades a subvencionar descritas en la Base 2.1 de las específicas).

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 700.000,00€, con cargo a la partida 0510/4142/46201 del presupuesto común para 2025. Las ayudas a conceder oscilarán: Entre un mínimo de 5.000,00€ y un máximo de 30.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña, y finalizará a las 14:00 horas del 16 de enero de 2025.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.